

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área de Facenda e Administración Pública

Contratación

Anuncio de licitación 0-9/2016

Anuncio licitación (0-9/2016)

Mellora do solo da área de xogos das Roseiras (Plan DTC 93)

A concelleira delegada de Contratación, en data 17 de marzo de 2017, resolveu:

“Primeiro.–Desistir da tramitación do procedemento de contratación para a execución das obras comprendidas no proxecto de mellora do solo da área de xogos das Roseiras, por cometerse un erro non emendable nas normas de preparación do contrato, de acordo co establecido no art. 155.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP). Estas obras están financiadas pola Deputación Provincial de A Coruña, ao estar este proxecto incluído no Plan complementario do Plan DTC 93 “unha Deputación para todos os Concellos”.

Segundo.–Anular saldo por importe de 36.877,68 € (crédito autorizado no exercicio 2016 e incorporado ao exercicio 2017) na partida 30.171.609.11.16, do orzamento municipal.

Terceiro.–Iniciar un novo procedemento de licitación para a execución destas obras, autorizando o gasto de 36.877,68 € (IVE incluído-exercicio 2017) que supón a súa execución, con cargo á partida 30.171.609.11.16 do orzamento municipal; aprobar os novos pregos administrativos que haberán de rexer este procedemento e dispor a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración previsto nos artigos 157 e seguintes do TRLCSPP, aprobando ao efecto os novos pregos de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexelo.

Cuarto.–Declarar a urxencia na tramitación do expediente cos efectos previstos no art. 112 do TRLCSPP

Quinto.–Notificar o seguinte acordo aos licitadores, e publicalo no perfil do contratante en no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.–Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites oportunos para a execución do acordado.”

En consecuencia ábrese un novo prazo de presentación de proposicións de 13 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial de Provincia, durante o horario de apertura do Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña.

A Coruña, 20 de marzo de 2017.

Eduardo Mera Rico

Director da Área de Economía, Facenda e Administración

(Decreto de delegación do 15.06.2016)

2017/2329